Xa que logo, como regra xeral, non procede denegar o acceso á información municipal alegando que contén datos que afectan á intimidade ou privacidade das persoas, sen prexuízo do deber de confidencialidade que pesa sobre os corporativos (*non obstante o anterior, en relación ao dereito de acceso á información, deberanse ter en conta as* ***limitacións*** *impostas no artigo 9 da actual LOPDGDD, en relación co artigo 15 da Lei de Transparencia, respecto ao tratamento dos* ***datos especialmente protexidos de carácter persoal*** *que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas, así como os que fagan referencia á orixe racial, saúde e vida sexual, e os relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas*).

Como sinala BOATAS CLAVERA, Jose Mª, "*...non podería denegarse o dereito á información do concelleiro ou concelleira alegando a prohibición de comunicación de cesión de datos a terceiros recollida no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, xa que aquel non ten a condición de terceiro ao formar parte da Administración Municipal, e para o adecuado exercicio das súas funcións necesitará en ocasións acceder a esta información*".

Neste sentido, a sentenza do Tribunal Supremo de 9 de febreiro de 1998 (en relación cos datos recollidos no Padrón municipal de habitantes, algúns relativos á intimidade persoal) estableceu «*...la legitimación de los miembros de las Corporaciones para acceder a este documento o registro, pues sea ya por la vía de su aprobación o por la de fiscalización y control de los actos del Alcalde, responde a su función representativa la petición de dicho documento y sus antecedentes, quedando obligados a sujetarse al deber de secreto respecto de aquellos datos personales que puedan atentar al derecho a la intimidad de los concernidos*".

Nesa mesma liña, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30 de setembro de 2005, veu a sinalar que"*...tampoco explica la administración demandada las razones por las cuales el conocimiento de esos datos por un concejal de un grupo que no gobierna puede afectar al derecho a la intimidad y no ocurre lo mismo si son conocidos por los del grupo que gobierna o por los funcionarios municipales, cuando todos ellos tienen el deber de guardar reserva.*"

Por iso, á vista dos preceptos invocados e a xurisprudencia mencionada, non hai dúbidas de que os concelleiros/as dunha entidade local poden ter acceso ao libro de rexistro de entrada e saída de documentos, dando así resposta á consulta plantexada polo Concello



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020
CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42

ENTRADA: 20202598
Fecha: 05/11/2020
Hora: 14:42
Und. reg:XERAL

de Ribadumia; polo tanto, ante a solicitude plantexada polo concelleiro do grupo mixto, será a persoa titular da Alcaldía quen autorice o acceso aos libros de rexistro establecendo no correspondente acto administrativo a forma concreta de facilitarlle o solicitado e o seu alcance.

Pola súa importancia, reiteramos que o concelleiro debe respectar a confidencialidade da información que se lle facilite en virtude do seu cargo e, a súa vez, de conformidade co principio de finalidade da LOPD, o acceso a devanditos datos debe facerse exclusivamente para a finalidade de control anteriormente referida. En consecuencia, unha vez obtida a información por parte do concelleiro solicitante, o acceso á mesma debe rexerse en todo caso polo deber de sixilo conforme ao establecido no artigo 5 da LOPD.

O incumprimento do anterior e/ou o uso dos datos de carácter persoal obtidos por parte do concelleiro que realiza a petición para finalidades distintas das propiamente institucionais, podería dar lugar, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador por parte da autoridade de control competente por infracción do disposto na LOPD e á imposición, no seu caso, das sancións previstas por devandita norma, que prevé multas de ata 10.000.000 millóns de euros.

**Sexto.** Por último abordaremos tres cuestións relacionadas e incardinadas coa anterior, como son ás relativas a autorización de acceso á información, o procedemento a seguir e ata onde alcanza do dereito a obter copias dos documentos cuxa consulta se solicita.

Respecto á primeira cuestión, sinalar que a falta de resposta do Alcalde ás peticións de acceso á información feitas por escrito polos Concelleiros/as supón a concesión da autorización por silencio, unha vez transcorridos os cinco días naturais establecidos na normativa (artigos 77.2 LRBRL e 14.2 ROF).

A brevidade do prazo ten por obxecto que este dereito non perda a súa finalidade no tempo. Nese caso o funcionario responsable dos expedientes, e ao que correspondería facilitar o acceso á información, terá que poñer a situación en coñecemento da persoa titular da Alcaldía, salvo que existan normas de funcionamento interno ás que aterse. Se o Alcalde ou Alcaldesa lle dese ordes concretas de non atender as peticións de información presuntamente autorizadas, deberá pedir a orde por escrito, para salvar a



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020
CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42

ENTRADA: 20202598
Fecha: 05/11/2020
Hora: 14:42
Und. reg:XERAL

súa responsabilidade, pois, en último termo, os servizos administrativos han de aterse ás ordes do titular da Alcaldía.

Nos Regulamentos Orgánicos pódese contemplarse un prazo inferior, pero en ningún caso amplialo dado o carácter básico do artigo 77 LRBRL que o establece.

Debe terse en conta que a denegación reiterada de información por parte da Alcaldía foi tipificada en ocasións como delito cometido polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais. Así, a STS de 23 de marzo de 2001 entendía que o decreto asinado polo alcalde denegando información atentaba contra o art. 23 da CE porque argumentaba –o alcalde- que tal información non era precisa para o exercicio das funcións do concelleiro, e esa era unha motivación "*meramente formal*", e ademais non podía entenderse que se estivera simplemente ante un ilícito administrativo porque con anterioridade e respondendo a similares solicitudes; o acusado ditou outros decretos con resolucións denegatorias que foron declarados nulos polos Tribunais polo que tiña coñecemento da súa ilicitude, e non obstante seguía impedindo o referido dereito fundamental.

En relación ao procedemento e trámites a seguir para a posta a disposición da persoa interesada da documentación solicitada a efectos do seu exame, rexerase polas seguintes normas establecidas nos artigos 16 e 152 do ROF:

A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderá realizarse, ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se encontre, ben mediante a entrega destes ou de copia ao membro da Corporación interesado para que poida examinalos no despacho ou salas reservadas aos membros da Corporación. O libramento de copias limitarase aos casos citados de acceso libre dos Concelleiros á información e aos casos en que iso sexa expresamente autorizado polo Presidente da Xunta de Goberno.

En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír da Casa Consistorial ou Pazo Provincial, ou das correspondentes dependencias e oficinas locais.

A consulta dos libros de actas e os libros de resolucións do Presidente deberá efectuarse no arquivo ou na Secretaría Xeral.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020<br>CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020<br>CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09<br>[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42 | ENTRADA: 20202598<br>Fecha: 05/11/2020<br>Hora: 14:42<br>Und. reg:XERAL |
|---|---|---|

súa responsabilidade, pois, en último termo, os servizos administrativos han de aterse ás ordes do titular da Alcaldía.

Nos Regulamentos Orgánicos pódese contemplarse un prazo inferior, pero en ningún caso amplialo dado o carácter básico do artigo 77 LRBRL que o establece.

Debe terse en conta que a denegación reiterada de información por parte da Alcaldía foi tipificada en ocasións como delito cometido polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais. Así, a STS de 23 de marzo de 2001 entendía que o decreto asinado polo alcalde denegando información atentaba contra o art. 23 da CE porque argumentaba –o alcalde- que tal información non era precisa para o exercicio das funcións do concelleiro, e esa era unha motivación "*meramente formal*", e ademais non podía entenderse que se estivera simplemente ante un ilícito administrativo porque con anterioridade e respondendo a similares solicitudes; o acusado ditou outros decretos con resolucións denegatorias que foron declarados nulos polos Tribunais polo que tiña coñecemento da súa ilicitude, e non obstante seguía impedindo o referido dereito fundamental.

En relación ao procedemento e trámites a seguir para a posta a disposición da persoa interesada da documentación solicitada a efectos do seu exame, rexerase polas seguintes normas establecidas nos artigos 16 e 152 do ROF:

A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderá realizarse, ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se encontre, ben mediante a entrega destes ou de copia ao membro da Corporación interesado para que poida examinalos no despacho ou salas reservadas aos membros da Corporación. O libramento de copias limitarase aos casos citados de acceso libre dos Concelleiros á información e aos casos en que iso sexa expresamente autorizado polo Presidente da Xunta de Goberno.

En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír da Casa Consistorial ou Pazo Provincial, ou das correspondentes dependencias e oficinas locais.

A consulta dos libros de actas e os libros de resolucións do Presidente deberá efectuarse no arquivo ou na Secretaría Xeral.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020
CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42

ENTRADA: 20202598
Fecha: 05/11/2020
Hora: 14:42
Und. reg:XERAL

*propias de cualquier ente público que tiene un horario de atención al público al que el personal a su servicio debe ceñirse, motivo por el cual es conveniente la fijación previa de citas al efecto de examinar la documentación de cualquier archivo municipal."*

A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, de data 4 de novembro de 2005, tamén analizaba o suposto de fixación de condicións para o acceso á información, pronunciándose nos seguintes termos:

*"Por otro lado, el hecho de que se señalara la exhibición del expediente en un día y a unas horas en las que el recurrente no podía asistir por motivos de trabajo, ello no implica lesión al citado derecho por cuanto que por un lado el recurrente pudo y no lo hizo poner en conocimiento del Alcalde- Presidente tal imposibilidad, y por otro solicitar el señalamiento de otros días y otras horas, cosa que tampoco hizo. Finalmente el hecho de que la exhibición y consulta del expediente se dilatara en el tiempo hasta el día 14.9.2004 es decir para dos meses y medio después de su solicitud, tal dilación no implica necesariamente que la resolución recurrida vulnere el derecho fundamental cuya protección se reclama ya que por el recurrente no se reseña que precisase la información para una fecha concreta o determinada, para un orden del día determinado, ni tampoco para una concreta finalidad; es decir que no se ha acreditado que dicha dilación haya causado un perjuicio a mayores a la información que requería y precisaba la parte recurrente."*

O propio Tribunal Supremo, en Sentenza de 18 de maio de 1998, establece:

*"Por el contrario, y también parece acertado como veremos, según se sostiene en la sentencia del Tribunal Supremo, de 18 de mayo de 1998, cuando los concejales han dispuesto sin cortapisa alguna de los expedientes en fecha anterior al Pleno y no los examinaron por causas que sólo a ellos conciernen, no se infringe el derecho a la información, ni puede considerarse irrazonable o arbitraria la decisión del Alcalde que, ante la solicitud posterior de expedientes en número de 218, autoriza el acceso en forma escalonada, dada la escasez de personal de que dispone el Ayuntamiento y el abultado número de expedientes que se interesan, lo cual parece de sentido común"*

En canto afecta ás condicións de acceso á información por parte de concelleiros/as, citaremos a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón, de 30 de outubro de 2003, que fai referencia ao acceso á información con asesores/as ou persoas alleas á entidade local:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020
CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42

ENTRADA: 20202598
Fecha: 05/11/2020
Hora: 14:42
Und. reg:XERAL

*"Otra de las cuestiones que se suscitan es la relativa a la pretensión del recurrente de hacer uso de su derecho a obtener información de los archivos municipales en compañía de personas ajenas a la Corporación en calidad de asesores. Pues bien, en modo alguno puede considerarse que el derecho consagrado en el artículo 23.1 de la Constitución ampare dicha intención ni tampoco lo hacen los preceptos ya citados del ROF que forman parte de su Título I sobre el Estatuto de sus miembros, ni el artículo 77 LBRL, sin que las facultades y derechos que allí se reconocen puedan extenderse hasta el límite pretendido por el ahora recurrente."*

En conclusión, a concreción das condicións de acceso pode quedar condicionada ás necesidades de funcionamento do Concello, sen que iso poida motivar demora ou dilacións na posta a disposición da información requirida polo concelleiro ou concelleira; e iso porque toda fixación de condicións concretas -como data, hora, etc...- deberán estar suficientemente motivadas na resolución que facilite o acceso aos expedientes.

Por último, á hora de abordar o dereito dos concelleiros e das concelleiras a obter fotocopias de documentos, debemos considerar dun modo diferenciado o simple acceso a datos e expedientes municipais para a súa consulta, do dereito á obtención de copias, tendo en conta que **a xurisprudencia estableceu de modo rotundo que o dereito de información non alcanza o dereito a obter copias** (STS de data 11 de outubro de 2002, que ao aplicar o artigo 77 LRBRL e 14 e ss. do ROF diferenza a petición de acceso aos antecedentes e datos fronte ás solicitudes de expedición de fotocopias). Nesta liña, as Sentenzas do Tribunal Supremo do 19 de xullo de 1989, 5 de maio de 1995 e 21 de abril de 1997, citadas e analizadas pola Sentenza do Tribunal Supremo de 16 de marzo de 2001.

O Tribunal Supremo entende que o dereito de información derivado do art. 23 CE non inclúe, como contido propio do dereito fundamental, o dereito á obtención de fotocopias ou copias lexitimadas, e que a facultade de acceso á información de calquera expediente ou antecedente documental só pode obterse mediante o libramento de copias nos casos legalmente autorizados (entre outras SSTS de 26-6-98; 29-4-98; 13-2-98; 21-4-97; 14-3-2000 e 16-3-2002).

É dicir, a entrega por parte dos servizos municipais de copias (fotocopias) dos documentos aos concelleiros/as en canto medio útil para facilitar o acceso á información, soamente pode esixirse nos casos legalmente autorizados de acceso libre



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020
CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42

ENTRADA: 20202598
Fecha: 05/11/2020
Hora: 14:42
Und. reg:XERAL

dos concelleiros/as á información (STS de 27-12-1994 e art. 15 ROF); cando o autorice o Alcalde ou medie autorización expresa do Presidente da Xunta de Goberno- art. 16.1.a)-, e cando se trate da documentación dos asuntos incluídos na orde do día das sesións plenarias, segundo prevé o art. 84 do ROF. As copias non teñen por que ser compulsadas (STS de 19-7-1989), nin autenticadas (STS de 21-4-1997).

Da análise da xurisprudencia antes citada inferese que no desenvolvemento do dereito de participación política recollido no art. 23.2 da Constitución española, e do que emana o dereito de información dos concelleiros/as, non existe norma que consagre o dereito dos destes a obter de **modo indiscriminado** copias lexitimadas ou fotocopias dos documentos que integran expedientes completos (por todas, Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xuño de 2003).

E iso porque o dereito a obter copias non pode obstaculizar a actividade da Administración xa que logo débese aplicar con criterios de racionalidade e proporcionalidade.

En definitiva, sendo o dereito de acceso á información un dereito de configuración legal, ha de actuarse de acordo co previsto na lei, e a LRBRL non recoñece o dereito a obter copias, polo que hai que estar ao disposto no art. 16.1.a) do ROF, é dicir, a necesidade de autorización para o libramento de copias, salvo nos casos de libre acceso, sen prexuízo do mellor tratamento para os membros da Corporación que respecto das copias puidese establecerse nun Regulamento Orgánico.

Tal vez non estea de máis insistir nas limitacións que existen para a entrega de fotocopias ou copias dos documentos que precisen os concelleiros e concelleiras para a súa función cando se trate de expedientes que non sexan de libre acceso.

Tamén convén ter en conta que se se solicita un excesivo volume de documentación e isto pode causar perturbación no funcionamento da Corporación Local (perturbación que se acentuaría no caso de pequenos municipios cun nivel mínimo de servizos administrativos), isto pode ser argumentado na resolución que se dite que, ou ben pedirá ao solicitante que concrete e individualice as copias que necesita, ou ben poderá establecer uns períodos de tempo na entrega de documentación subordinados ás posibilidades de funcionamento municipal.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020<br>CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020<br>CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09<br>[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42 | ENTRADA: 20202598<br>Fecha: 05/11/2020<br>Hora: 14:42<br>Und. reg:XERAL |
|---|---|---|

17

En calquera caso a xurisprudencia sobre o dereito á información por parte de concelleiros/as é moi casuística, polo que na adopción pola Alcaldía da resolución que proceda deberase, dentro das posibilidades administrativas municipais, facilitar o acceso á información, así como aquelas copias que non se consideren abusivas.

Toda denegación de acceso, lembremos, deberá ser motivada -art. 14.3 ROF- pero igualmente deberá motivarse a negativa a dar copia daquela documentación que o concelleiro/a requira máis especificamente e xustifique a súa necesidade, e iso porque a denegación podería interferir no dereito constitucional de participación política do concelleiro.

**CONCLUSIÓN**

Á vista dos fundamentos xurídicos expostos conclúese que o concelleiro do grupo municipal mixto do Concello de Ribadumia ten dereito a acceder aos libros de rexistro municipais, sen prexuízo de que a utilización dos datos limitarase ao exercicio da función de control prevista na lei, nos termos de confidencialidade sinalados pola Axencia Española de Protección de Datos e tendo en conta as limitacións contempladas na LOPD respecto ao tratamento dos datos especialmente protexidos de carácter persoal.

Será a persoa titular da Alcaldía, a través do correspondente acto administrativo, quen determine a forma concreta de facilitarlle devandito acceso e o seu alcance, nos termos expostos no corpo do presente informe.

En relación ao presente expediente o técnico que subscribe procede á emisión deste informe xurídico-administrativo que, como sempre, somete a calquera outro mellor fundado en Dereito.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
Gabriel Rodríguez Alonso.

Firmado por: GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W
Cargo: Xefe do servizo de Asistencia Intermunicipal
Data: 04/11/2020 13:58

**Concello de Ribadumia.**



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):3STBX4H0DUS4QMIB

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000228A900Y6N4C2R7M7X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - 44077317W - 04/11/2020<br>CONCELLO DE RIBADUMIA - 05/11/2020<br>CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 05/11/2020 14:43:09<br>[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA XERAL 2020 2598 - 05/11/2020 14:42 | ENTRADA: 20202598<br>Fecha: 05/11/2020<br>Hora: 14:42<br>Und. reg:XERAL |
|---|---|---|